

Estimadas familias e alumnado,

Como sabedes a través da web do centro a segunda avaliación na ESO e no primeiro curso de bacharelato estaba suspendida ata recibir instrucións da consellería ao respecto. Ditas instrucións chegaron hoxe.

INSTRUCCIÓN DO 27 DE MARZO SOBRE A CONCRECIÓN DE MEDIDAS A ADOPTAR EN RELACIÓN COA AVALIACIÓN DO SEGUNDO TRIMESTRE.

1. A efectos de dar continuidade no calendario escolar, os centros educativos procederán a formalizar o peche da avaliación do segundo trimestre. Cada centro, disporá as medidas precisas para a súa formalización, na medida do posible, antes do 3 de abril.
2. Non serán avaliábeis as actividades relacionadas cos contidos curriculares realizadas polo alumnado con posterioridade á data de declaración do estado de alarma. En consecuencia, aqueles centros que non teñan formalizado o peche da avaliación do segundo trimestre procederán a formalizalo co traballo desenvolvido ata dita data.

Como consecuencia das mesmas debemos informarvos de que avaliaremos ao alumnado os días: 30 de marzo, 31 de marzo e 1 de abril.

Posteriormente os/as titores/as comunicarán os resultados a través de ABALAR, correo electrónico, teléfono...e resolverán todas as dúbidas que teñades sobre este proceso.

A publicación das notas a través de ABALAR se fará o 2 de abril ás 12:00.

O equipo directivo e todo o profesorado é consciente da situación excepcional que os alumnos e as súas familias están a vivir e queremos transmitirvos o noso apoio, ánimo e forza. Somos unha comunidade educativa e, entre todos, intentaremos facer as cousas o mellor posible. Xuntos sairemos.

Unha aperta e moito ánimo .